

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA PARA O ESTABLECIMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN VALENCIA, VENEZUELA.

En Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2023


REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Hermanidad Gallega de Valencia**, Venezuela, representada neste acto polo presidente da entidade, Manuel Fajín Recarey, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,

EXPOÑEN



Primeiro.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas dirixidos á mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia, entre os que se atopa a posta a disposición de puntos de información e asesoramento social.

Cuarto.- A Hermanidad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade. Agrupa actualmente a preto de 1.200 persoas galegas ou de orixe galega, representativas da



importante comunidade galega residente nesa cidade, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Quinto- Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a esta poboación para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado que o actual contexto económico que se vive no país fai que moitas destas persoas se atopen en situación de carencia e, por descoñecemento, non solicitan participar nos ditos programas.

Sexto- A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de información social en Valencia para divulgar, asesorar e informarlle á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que a administración autonómica desenvolve e para asistir ás persoas interesadas na tramitación administrativa precisa para acceder a eles. A Hermandad Gallega de Valencia conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información social e está disposta a realizar ese labor.

Sétimo.-A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Valencia, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica no obxectivo de difundir, promover e colaborar na xestión de todas as accións e programas destinados á colectividade galega asentada en Valencia, Venezuela.

E, en virtude do exposto, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Valencia acordan subscribir este convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Valencia para o mantemento dun punto de información e asesoramento social e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial.

Segunda.- Persoas beneficiarias

O punto de información e asesoramento social estará destinado á poboación galega, e en especial ás persoas maiores de orixe galega ou descendentes destas ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes na área de Valencia (Venezuela).

Terceira.- Crédito orzamentario



Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **sete mil euros (7.000€)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 .

Esta achega está destinada ao-financiamento dos gastos correntes xerais (tales como teléfono, internet, electricidade ou material de oficina) e do persoal ao servizo do punto de información e asesoramento social obxecto deste convenio.

Cuarta.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Quinta.- Pagamento

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **cinco mil seiscientos euros (5.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda

Á vista do establecido no artigo 65, puntos 4 e 5, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía

Sexta.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2023.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa

O pagamento do saldo pendente efectuarase tras a presentación da-seguínte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada polo/a representante legal da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo/a representante da entidade, na que se farán constar os obxectivos acadados, o presuposto total de funcionamento e o número de persoas atendidas.
- Relación clasificada dos gastos correspondentes ás actividades e servizos prestados, con identificación da empresa/entidade emisora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico



mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia de forma total parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): €.

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas ou, no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable do representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixe constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo polo/a representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


-Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.



De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Sétima.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.


De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que hai que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Oitava.- Obrigas das partes

1. A **Hermandad Gallega de Valencia** comprométese a:

- Situar o punto de información nun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar co persoal especializado necesario, con liña telefónica e acceso a internet.
- Poñer ao dispor do persoal encargado de realizar as funcións propias desta colaboración o material e o equipamento suficientes para desenvolver as súas tarefas, así como satisfacer as necesidades de desprazamento ou axudas de custo as que houber lugar.
- Poñer ao dispor da colectividade galega un acceso á páxina *web* da Secretaría Xeral da Emigración, así como a outras páxinas de interese.
- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega asentada no seu entorno e, en particular, dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración.
- Facilitarlle ás persoas máis necesitadas a tramitación ou consecución da documentación relacionada coa tramitación de solicitudes dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus logotipos.



- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

- Facilitar información, asesoramento e colaboración sobre os programas e as accións que deban ser difundidos.

Novena.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo primeira.- Comisión de seguimento


Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento,



xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

Décimo segunda.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución do convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento pola outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto do convenio.

Décimo terceira.-Publicidade

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaría Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de



decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O presidente da Hermandad Gallega de Valencia

Manuel Fajín Recarey

